

MEMORIA

FUNDACIÓN PREESCOLAR NA CASA

CURSO 2010-2011



INDICE

Carta da Presidenta: Apoiar á infancia e á familia, unha necesidade moi actual.	
1. Misión, visión e valores	6
2. O equipo humano	7
3. O compromiso coa calidade e a mellora continua	10
Marco educativo e curricular propio	
A formación dos profesionais	
A avaliación continua	
A xestión de calidade	
A colaboración con outros profesionais do contorno	
4. O Servizo de Orientación.....	14
4.1 Tipoloxía de Espazos das familias	16
Bo comezo	
Primeiros descubrimentos	
Xuntos para crecer	
4.2 Outros Espazos das Familias	17
Xuntos para crecer en Escolas infantís 0-3 e Puntos de atención á infancia	
Xuntos para Crecer na Escola Infantil 3-6	
Proxecto Home	
Vagalume	
Alume	
Penitenciaría de Teixeiro- A Coruña	
Módulo Nelson Mandela (Penitenciaría de Teixeiro- A Coruña)	
4.3 Datos globais	22
4.4 Outras actividades do servizo de orientación	23
Visitas familiares	
Sesións con especialistas	
Bibliotecas	
Piscinas e balnearios	
Concertos para bebés	
Visitas as Escolas 3-6	
Saídas ao contorno	
Encontros interxeracionais	
Bebeterapia	
Xuntanzas familiares e Festas xogueteiras	

5. O Servizo de Difusión	25
Espazos educativos na Televisión	
- Televisión de Galicia	
- Telelugo	
Espazos educativos na Radio	
Blog e Facebook.	
Publicacións	
Participación en plataformas	
Participación en xornadas	
6. O Finanzamento	29
Os Financiadores.....	30



Carta da Presidenta

APOIAR Á INFANCIA E Á FAMILIA, UNHA NECESIDADE MOI ACTUAL.

Iniciamos esta memoria con dous sentimientos encontrados:

- A tristeza e impotencia por ver que todo un traballo desenvolvido pouco a pouco, con moitos esforzos e interese pode desaparecer por motivacións económicas, perdendo unha oportunidade única de continuar sendo a vanguarda e referencia no apoio á infancia e á familia, desaproveitando o saber e experiencia adquirido polos seus profesionais.
- A fortaleza que da defender un proxecto actual e necesario, pioneiro no desenvolvemento de servizos alternativos de atención á infancia.

Apoiar á infancia e á familia como principal educadora, tarefa que Preescolar na Casa vén promovendo desde o 1977, é unha necesidade cada vez más recoñecida e demandada desde diferentes ámbitos e sectores:


- O ámbito familiar necesita espazos onde compartir a crianza, dúbidas, temores e novedades relacionadas co desenvolvemento dos fillos que lles axuden a concretar modelos e pautas educativas.
- O ámbito educativo- escolar, reclama a necesidade de apoiar ás familias para que asuman as súas funcións educativas e colaboren coa escola para favorecer o desenvolvemento persoal e académico dos nenos e nenas, previndo comportamentos sociais non desexados así como o fracaso escolar.
- O ámbito educativo non formal, empeza a constatar a necesidade de realizar oferta educativa que permita compartir tempos e espazos entre os membros da familia, que facilite a implicación dos pais e nais e non incremente o risco da delegación.
- O ámbito sanitario alerta da necesidade de que no ámbito familiar e, desde os primeiros momentos de vida, se promova o desenvolvemento físico e emocional sa, pois cada vez hai unha maior presenza de problemas de saúde relacionados con comportamentos e actitudes familiares.
- O ámbito demográfico, sinala que reverter o despoboamento e baixa natalidade require medidas específicas de promoción da familia, que non sempre teñen que pasar pola escolarización temperá das nenas e dos nenos.

As políticas de educación, de infancia, de familia teñen que pensar a onde nos leva o modelo de desenvolvemento actual. A sociedade e, en consecuencia, os representantes políticos teñen que favorecer a responsabilidade educativa da familia, proporcionarlle apoio para unha tarefa transcendental que non pode delegar e na que o sentido común ten que estar avalado pola reflexión e coñecemento do que implica educar, así como polas necesidades específicas dos nenos e das nenas que, como todos sabemos, non son as que priman na nosa sociedade.

Non se pode pensar no futuro, sen ter en conta o presente,... hai que favorecer hoxe o desenvolvemento e a educación das nenas e dos nenos. O seu contexto inmediato e más importante é o familiar, por iso, a actuación de Preescolar na Casa ten máis sentido que nunca. Non é un gasto senón unha inversión imprescindible. Non é un luxo, é unha necesidade.

Ao longo do curso 2010-11, puidemos comprobar as demandas mencionadas anteriormente así como todo o potencial e riqueza que se atopa nas familias. Este potencial e riqueza que foi a base para o traballo coas máis de 4000 familias que participaron este curso en distintas actividades e que supuxo, unha vez máis, adaptarse ás súas necesidades e demandas, desenvolver novas actividades e chegar a novos destinatarios a través dos servizos de orientación a familias e difusión.

Do potencial e riqueza que supón a acción conxunta das familias, profesionais e comunidade neste curso 2010-11, imos ofrecer unha panorámica nas seguintes páxinas, co desexo de que esta achega educativa de Preescolar na Casa poida continuar en beneficio da sociedade galega.



Ermitas Fernández Fernández

Presidenta da Fundación PnC

1. Misión, visión e valores

Misión

Difundir unha cultura da infancia e reforzar a competencia educativa familiar promovendo espazos educativos nos que se acompaña á familia na a aventura de crecer e no desafío de educar.

Visión

A Fundación Preescolar na Casa quere ser unha institución consolidada e referente na creación dunha cultura da infancia e do papel educativo da familia

Valores

Compromiso coa educación, a cultura e o saber, como bens imprescindibles para o desenvolvemento das persoas.

Defensa e reivindicación da importancia educativa dos primeiros anos e do papel educativo da familia.

Respecto polo propio: as persoas, a lingua, o medio e a cultura.

Solidariedade cos sectores de poboación más desfavorecidos.

Cooperación cos outros profesionais e organizacións/institucións relacionadas coa infancia e a familia.

Compromiso coa mellora continua e a competencia profesional.

2. O equipo humano

Base na que se asentan e desde a que se promoven os valores da Fundación.

- Padroado

Presidenta

Mª Ermitas Fernández Fernández

Vicepresidente

R. Lois Ferradás Blanco

Secretaria

Mª Soledad Fernández Rocha



Vogais

Alejandro Fernández Pumariño

Blanca García Montenegro

Francisco Javier Cairo Antelo

Ginés Fernando Plaza

Jesús Garrido Suárez

José Vázquez Portomeñe


María González González

Eugenio Otero Urdaza

- Profesionais

“Referentes para as familias en cuestiós relativas á educación e familia, aínda despois de rematar a súa participación en Preescolar na Casa”

- Número: 65, dos que o 75% traballan directamente coas familias e 25% nos servizos centrais (Servizo de difusión, formación, calidade, recursos e cuestiós administrativas e de xestión).



- Perfil:
 - Mestras de infantil: 39%
 - Mestras de primaria: 9%
 - Licenciadas en Psicoloxía, Pedagogía ou Psicopedagoxía: 43% (deles o 34% ten tamén a titulación de mestre).
 - Outras licenciaturas: 8% (o 20% destes titulados teñen tamén a diplomatura en maxisterio).
 - Formación Profesional: 1%

O 80% do total destes profesionais son contratados pola Fundación Preescolar na Casa, mentres que o 20% restante (13 persoas) son funcionarios da Consellería de Educación en comisión de servizos.

O 80% de profesionais ten máis de 3 anos de permanencia na Fundación. O 20% restante está conformado por funcionarios (8%) e persoal de apoio (12%), este último é contratado por uns meses en virtude dunha subvención de Fomento de emprego .

“A parte dos coñecementos e habilidades educativas... para ser orientadora de PnC tes que ser... boa relacóns públicas, contacontos, cantante melodiosa, moderadora de debates, boa oradora, creativa,... empática... forte e musculada para levar o material,... saber de novas tecnoloxías,... ser boa conductora... Todo isto é para introducir a miña profunda admiración á equipa humana que forma parte de PnC... Como orientadora que deixa o programa quero destacar a miña satisfacción persoal de ser partícipe nun proxecto coma este... traballar en PnC supuxo un crecemento profesional e persoal que fixo que me sentira realizada co meu traballo e co papel que este ten na sociedade actual”

- **Voluntarios**

Tres voluntarios : 1 no servizo de atención á familias e 2 nos servizos centrais. O valor que estas persoas aportan á organización provocou a necesidade de concretar as posibles funcións e achegas segundo perfís e posibilidades dos mesmos, así como fórmulas de captación e motivación. Froito destas reflexións, elaborouse un plan de voluntariado.

Valoración: o **96,3%** dos profesionais mostran unha alta satisfacción xeral o que ten moito que ver co sentimento de orgullo por traballar en Preescolar na Casa e a importancia da misión que fai sentir que o traballo é importante. Ademais mostran unha moi alta satisfacción coa influencia no desenvolvemento.

Conclusións: tódalas persoas que fan posible Preescolar na Casa contan cunha ampla formación e experiencia no traballo en educación infantil e con familias, mostrando unha gran implicación e compromiso co traballo: isto supón a mellor garantía e aval do éxito de Preescolar na Casa.

“Esta experiencia laboral quedará gratamente formando parte de mim como persoa, mestra e guía educativa”.

“Profesionalmente aprendín moitas cousas e axudooume a enfocar a educación dende outra perspectiva. Tanto na forma de traballar, nas necesidades dos nenos/as e no trato coas familias. Polo xeral, os mestres/as non contan moito coas familias. É como si tiveran unha fobia ás familias e despois do meu paso por Preescolar teño máis claro que é imprescindible”. (Persoal de apoio)

“O contexto en que Antonio Gandoy fundou Preescolar na Casa no ano 1977 é moi diferente do que vivimos hoxe a nivel social... O grosor e a importancia do volume de traballo desta institución, ignorada en ocasións inxustamente por unha sociedade que cada día perde polo camiño anacos de valores fundamentais, case convida a pararse a pensar no conxunto do proxecto para perderse nun universo diferente e bonito que xa é -a día de hoxe- parte fundamental da historia educativa galega”.

“En moitas ocasións, durante estes meses de prácticas, estiven exposta a aprendizaxes doutro tipo de moito maior calado que os derivados do apartado educativo por parte da acción da Fundación e tamén, por parte dos seus profesionais. Isto é algo que, na miña opinión, soborda as cifras e as avaliacións:

- A acción social, a atención dos casos más desfavorecidos e tamén a especial atención ao mundo rural (ou o que queda del) é unha “marca da casa” coa que a Fundación navega contra vento e marea.
 - Forma grupo e comunidade tendo como referencia a educación...”
- (Persoal en prácticas)*

3. O compromiso coa calidade e a mellora continua

Marco educativo e curricular propio

A Fundación Preescolar na Casa posúe un marco educativo e curricular que unifica as diferentes accións levadas a cabo. Marco que se vai modificando de acordo coas necesidades que se detectan, a partir tanto da práctica diaria coas familias, como da cambiante realidade.

Este marco inclúe tanto principios e valores como obxectivos, contidos, metodoloxía e avaliación.

A formación dos profesionais

A Fundación Preescolar na Casa contempla a formación inicial e continua dos diferentes perfís profesionais como unha liña de acción básica dentro da planificación estratéxica co obxectivo xeral de mellorar a **capacitación técnica dos profesionais e a calidade dos servizos**.

Formación inicial: Co obxectivo de coñecer os principios teóricos e as bases organizativas da Fundación que faciliten a capacitación básica para desenvolver o perfil profesional específico, realizáronse diversas actividades formativas destinadas ao persoal que se incorpora á Fundación centradas en xornadas específicas e acompañamento e apoio interprofesional. Grao de satisfacción un **77%**.

Formación continua: *Intervención educativa en situacóns en dificultade* foi o título que englobou os diferentes contidos e actividades formativas desenvolvidas, durante 30 horas, e que tiveron como obxectivos:

- Establecer criterios que permitisen definir o que se entende por situación de dificultade.
- Coñecer as implicacións emocionais na infancia das situacóns en dificultade.
- Concretar pautas de actuación na intervención en situacóns de dificultade desde unha perspectiva educativa.

Contidos abordados:

- A percepción da dificultade como mecanismo de activación de respuestas.
- A intervención educativa nas situacóns de dificultade.
- As repercusóns emocionais das situacóns de dificultade.
- Promoción da parentalidade positiva en contextos de dificultade.



- Programas de intervención que inciden na parentalidade positiva en contextos de dificultade.
- Planificación, desenvolvemento e avaliación da intervención educativa en situacións de risco de exclusión social.
- A realidade da poboación xitana.
- Os inmigrantes en Galicia.

Resultado deste traballo formativo, é o documento : *A intervención con familias en situación de dificultade.*

A aposta pola formación continua complementouse coa:

- Participación nas I Xornadas de infancia e adolescencia, que organizou a Fundación en colaboración coa USC e a Fundación SM.
- Desenvolvemento dun grupo de traballo coordinado pola CEFORE de A Coruña.
- Difusión entre os profesionais de actividades formativas organizadas por diferentes colectivos, facilitando a participación nas mesmas.

Este esforzo é recoñecido polos profesionais: o **84%** valoran moi alta a satisfacción das posibilidades que se ofertan para mellorar coñecementos e competencias.

Nas palabras dos profesionais:

“As sesións de formación foron enriquecedoras e xeradoras de debate, permitiron intercambiar experiencias, ter diferentes puntos de vista sobre o mesmo e coñecer diferentes posibilidades ante unha mesma situación....”

“Foi de utilidade porque se coñeceron diferentes estratexias, aplicables ao traballo diario e extrapolables a futuras situacións que se vaian presentando”.

A avaliación continua

PnC considera a avaliación un elemento básico para unha intervención de calidade que responda ás necesidades das familias e da sociedade e, polo tanto, está presente tanto ao inicio como ao longo e ao final da mesma.

Conta con diferentes instrumentos para cada un destes momentos e organiza tempos e espazos para a análise dentro da xornada laboral dos profesionais. Desenvólvese, nun primeiro momento, de forma individualizada -por parte de cada orientador- e, posteriormente, polo equipo máis amplio, facendo os reaxustes oportunos.

Destácase a actividade de avaliación desenvolvida nos ***Espazos de debate***: familias, colaboradores e profesionais da Fundación analizan fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas que afectan ao desenvolvemento actual da Fundación e, polo tanto, aportan información básica para o deseño futuro das liñas de actuación da entidade.

Desenvolvéronse 8 ***Espazos de debate*** nos que se sinalou a importancia de que Preescolar na Casa incremente a súa presenza tanto nas áreas de atención como no perfil de destinatarios, xa que consideran que este servizo é necesario para todas as familias, con independencia da súa residencia e que sería moi útil a medida que os fillos e fillas crecen, para responder a novas dúbidas e necesidades que xorden en cada período educativo.

A xestión de calidade

Como medio de garantir unha xestión de calidade, nos últimos anos a Fundación Preescolar na Casa realiza auditorías internas e externas baixo a norma UNE EN ISO 9001:2008 que acreditan a implantación deste sistema de xestión en toda a entidade. Renovouse esta certificación e continúa sendo efectiva a validación do Selo de Compromiso cara a Excelencia Europea 200+ polo seu sistema de xestión, seguindo os criterios do modelo EFQM de Excelencia (Fundación Europea para a Xestión de Calidade).

A colaboración con outros profesionais do contorno

É un aspecto que desde a Fundación se potencia co obxecto de facilitar o contacto, a motivación á participación, o coñecemento de diferentes recursos, o establecemento de liñas de acción e a revisión de obxectivos, o seguimento.

É unha forma de mellorar a coordinación e de aproveitar os distintos servizos, actividades e axentes existentes nas distintas zonas. Ao tempo, promóvese nos mesmos, unha maior motivación cara a atención das necesidades da infancia e das familias, que se concreta nunha maior presenza de actividades dirixidas a estas persoas de forma conxunta.

As entidades coas que se colabora son de diferentes ámbitos xeográficos (locais, comarcais, autonómicos) e de actuación:

- Social: Traballo social, Psicoloxía, Educación familiar, asociacións,...
- Sanitario: Matronas, Pediatras, Xinecoloxía, Asociacións,...
- Educativo: Mestres/as de centros educativos, ANPAS, asociacións de mestres, Universidades, Centros de Formación do Profesorado,...
- Cultural: Asociacións, bibliotecas, piscinas, conservatorios, museos...

A alta satisfacción dos profesionais colaboradores vese claramente reflectida na táboa seguinte:

TABOA RESUMO: RESULTADOS CUESTIONARIOS A COLABORADORES/AS	NADA/ POUCO	NORMAL	BASTANTE/ MOITO	NS/NC
1. Satisfacción xeral da colaboración coa Fundación Preescolar na Casa	0	2,3	87,5	9,3
2. Os servizos da Fundación Preescolar na Casa contribúen a:				
2.1 Motivar ás familias no uso dos servizos da comunidade	0	10	86,7	3,1
2.2 Implicar ás familias no desenvolvemento e educación dos nenos/as	0	2,3	96	0,7
2.3 Prevención e tratamiento de situacíons especiais/dificultosas	0	0	89,8	3,8
2.4 Traballo en rede con outros servizos da comunidade	0	0	88,3	1,5
3. Facilidade para poñerse en contacto co orientador/a que traballa na área	0	0	96,8	0
4. A información sobre o que ofrece a Fundación PnC é suficiente	0	0	92,2	1,5
5. A colaboración con PnC foi a que se esperaba e necesitaba	0	0	93,7	0
6. No caso de ter feito alguma demanda, a resposta foi puntual e oportuna.	0	0	89,8	7,7
7. A utilidade do programa para a comunidade	0	0	96	3,1

Segundo mostra a táboa, un **87,5%** dos profesionais que colaboran coa Fundación están bastante ou moi satisfeitos co servizo prestado, tendencia que se confirma no resto das categorías: o **91,78%** das mesmas son valoradas como bastante ou moito.

Segundo as súas palabras:

“O servizo resulta de moita utilidade debido ás carencias de orientación dalgunhas familias e da sociedade actual”. (Ámbito social)

“Considero imprescindible este servizo para as familias pola motivación e implicación que se lle transmite con respecto ao desenvolvemento e educación dos seus fillos/as”. (Ámbito educativo)

4. O Servizo de Orientación

"O mero feito de ser pais, nais, non aporta os coñecementos necesarios para exercer como tal; Preescolar na Casa concíbese como un espazo para aprender, compartir e ensinar"

Desenvólvese a través dos **Espazos das familias**, onde pais e nais cos seus fillos, dunha área xeográfica concreta, se reúnen con profesionais da entidade.

Nestas reunións, de periodicidade maioritariamente quincenal, nun ambiente distendido, tranquilo e de goce, e a través de diversas actividades, observan e comprenden o desenvolvemento das fillas e fillos e coñecen novos recursos que enriquecen a súa relación e promoven o desenvolvemento integral das crianças.

Os **Espazos das Familias** deséñanse e organízanse para dar respostas ás necesidades das familias que expresan e recollen os profesionais nas distintas áreas de traballo.

Diríxense especialmente a familias con nenos e nenas de 0-3 anos, dando prioridade a aquellas que residen nas zonas rurais e facendo especial fincapé na motivación á participación de familias en dificultade ou risco de exclusión social (inmigrantes, xitanos, desestruturadas, situación socioeconómica desfavorable,...)



Nos **Espazos das familias**, o xogo e a comunicación son as ferramentas fundamentais da aprendizaxe para todos os participantes: nenos e nenas, nais e pais:

- Relacionanxe con outras persoas fóra do ámbito familiar, incrementando habilidades de socialización, respecto por un mesmo e polos demais,... Crean verdadeiras redes sociais que se manteñen máis alá dos Espazos en si mesmos.
- Comparten inquedanzas, experiencias e recursos que resaltan o valor do cotiá, das pequenas cousas, os propios saberes familiares.
- Descobren a importancia do seu papel educativo, con independencia do que poden desempeñar outras persoas e/ou colectivos.

- Concordan as bases educativas que queren establecer na relación cos fillos e fillas, a partir da análise de actuacións educativas (modelos) e as consecuencias no desenvolvemento da personalidade de nenos e nenas.
- Recoñecen as necesidades e dereitos dos nenos e nenas e o seu papel para satisfacelas de forma positiva.
- Comparten tempos e espazos onde os estereotipos e diferenzas sexuais, culturais,... non teñen máis cabida que para enriquecer as relacións.
- Revitalizan o patrimonio cultural e lúdico propio de cada zona onde habitan (festas, cancións, xogos,...).
- Empregan a lectura como medio de información, goce e promoción de relacións gratificantes.
- Coñecen outras institucións e recursos do contorno útiles para o desenvolvemento e educación dos nenos e nenas e para o goce conxunto da familia.
- Os Espazos das familias desenvolvéronse no 85% dos Concellos de Galiza, cunha presenza maior nos concellos da provincia de Lugo (97% dos concellos) e A Coruña (93%) e menor en Ourense (76%) e Pontevedra (73%).
- Isto non se corresponde exactamente coa porcentaxe de familias participantes. Como se pode ver na gráfica, a maior parte de familias participantes están na provincia de A Coruña e Pontevedra, seguidas por Lugo e, finalmente Ourense.

Porcentaxe de familias participantes por provincias		
PROVINCIA	FAMILIAS	QUILOMETRAXE
A CORUÑA	42%	25%
LUGO	25%	32%
OURENSE	15%	22%
PONTEVEDRA	26%	21%

Este dato é boa mostra da despoboamento e illamento no que se atopan as familias destas provincias e o maior esforzo profesional e económico para a súa atención.

Fíxose un especial esforzo na participación de familias en dificultade e/ou risco de exclusión social, coas que se contactou a través de servizos sociais ou asociacións específicas. En xeral, sempre que foi posible, estas familias se incorporaron aos espazos existentes, como unha forma de favorecer a normalización e a inclusión.

Noutros casos, debido ás características das familias, desenvolvéronse espazos específicos: xitanos, inmigrantes, enfermas mentais, reclusos e reclusas, persoas en proceso de rehabilitación.

Polo que respecta á satisfacción das familias, apréciase un incremento da mesma respecto a cursos pasados en todas as categorías, destacando de maior a menor satisfacción:

96% A Satisfacción xeral

95% A Seguridade: profesionalidade , amabilidade, credibilidade, protección da intimidade.

86% A Fiabilidade do servizo: Utilidade do servizo prestado e a estabilidade dos efectos do servizo prestado.

78% A Empatía: Accesibilidade (o servizo é accesible e fácil de contactar), comunicación (información, capacidade de escucha e linguaxe comprensible), atención personalizada (esforzo por coñecer ás familias e as súas necesidades).

O **98%** das familias **recomendaría Preescolar na Casa** a outras familias, especialmente polas aprendizaxes que aporta, e o **64%** continuaría participando noutros servizos que se puideran ofrecer áinda que os seus fillos estiveran escolarizados, de feito praticamente ao 100% destas últimas lles gustaría continuar participando con eles.

Nas súas propias palabras:

“Experiencia inesquecible”. “Coñeces familias e compartes experiencias coas que se aprende máis que con calquera teoría. Relaciona aos nenos con outros nenos nun ambiente lúdico e de aprendizaxe”.

“Nestes tempos nos que todo o mundo anda a correr, estresado e sen facerlle demasiado caso aos nenos, PnC é coma un oasis no medio do deserto.”



“Agradecemos enormemente esta marabillosa oportunidade e valoramos de modo moi positivo os seus obxectivos e a súa orientación en relación con diversos aspectos como: o idioma, a participación activa de todos os integrantes, o cariño, a amabilidade coa que imparten as sesións,... Como nai, expreso a miña gratitud e desexos de continuidade e recoñecemento desta Fundación de parte das institucións ás que se adscriba. O asentamento, cunhas bases sólidas, deste tipo de iniciativas educativas faise necesario e imprescindible sobre todo no medio rural galego tan castigado pola escasa natalidade e as dificultades de comunicación debido á dispersión da poboación”.

4.1 Tipoloxía de Espazos das familias

Bo comezo: Espazos pensados para facilitar a transición á maternidade e paternidade, dirixidos a familias que están esperando unha filla, un fillo e que lles axuda a pensar no seu proxecto educativo, ao tempo que resolven dúbidas, medos e inquedanzas.

11 Espazos e 233 familias participantes



"Adquires más ferramentas para poder facer a empresa máis difícil da nosa vida: educar a un fillo, a unha filla de maneira satisfactoria"

"Un bo complemento ás clases de educación maternal"

Primeiros descubrimentos:

Espazos dirixidos a familias con nenos e nenas no primeiro ano de vida.

56 Espazos e 264 familias participantes



"Axuda a compartir ideas na difícil tarefa de coidar e educar aos nosos fillos e fillas nos primeiros meses da súa vida"

Xuntos para crecer: Espazos dirixidos a familias con nenos e nenas de diversas idades 0-3. Aínda que a maior parte dos mesmos ten carácter quincenal, seis foron semanais, como resposta á demanda dalgunhas familias e co obxecto de afondar máis nas reflexións.

524 Espazos e 3439 familias participantes



4.2 Outros Espazos das Familias

A resposta ás novas demandas -tanto institucionais como familiares- levou ao desenvolvemento de novas tipoloxías de Espazos que complementan ás xa existentes e que -nalgúns casos- implican diferenzas importantes no perfil de destinatarios/as dos mesmos, xa que se desenvolveron con familias con fillos e/ou fillas ata a adolescencia e sen a presenza destes.

“Os Espazos das familias convértense en espazos de solidariedade e apoio interfamiliar”

Xuntos para crecer en Escolas infantís 0-3 e Puntos de atención á infancia

Segundo os criterios establecidos no proxecto de colaboración existente entre a Fundación Preescolar na Casa e a Consellería de Traballo e Benestar, así como co Consorcio Galego de Servizos Sociais, desenvolvérónse Espazos das Familias en **39 escolas:**



(5 de xestión directa da Consellería e 34 Galiñas Azuis do Consorcio), sendo en 9 delas de nova implantación.

Ademais dos logros comúns co conxunto dos Espazos, o traballo nas Escolas ten outros efectos:

- contribúe a achegar os profesionais e as familias, mellorando a comunicación entre eles e, en consecuencia, a unha mellor comprensión do traballo educativo que se realiza na escola,
- facilita a coherencia educativa entre profesionais e pais e nais, necesaria na educación de nenas e nenos,
- incide na formación dos e das profesionais e, polo tanto, no seu mellor desempeño.

Como se pode ver na táboa, as provincias que contan con maior número de centros con Espazos das familias son as de Ourense e Lugo seguidas de A Coruña e, finalmente, Pontevedra:

A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
GA Fene	GA A Fonsagrada	GA A Rúa	GA Portas
GA Ortigueira	GA Valadouro	GA Vilamartín de Valdeorras	GA Campo Lameiro
GA Cambre	GA Burela	GA Xinzo de Limia	GA Dodro
GA Arzúa	GA Mondoñedo	GA Barrocás	GA Covelo
El As Mariñas (A Coruña)	GA Taboada	GA Pereiro de Aguiar	GA Crecente
El Sta. Susana (Santiago)	GA Antas de Ulla GA Pantón GA Chantada GA Foz El Nuestra Sra. Purificación Foz	GA Luíntra- Nogueira Ramuín GA Castro Caldelas GA Pobra de Trives GA Xunqueira de Ambía GA Ribadavia GA Carballiño GA Toén GA Bande GA Muíños GA A Bola GA Rairiz da Veiga El Antela (Ourense) El A Farixa (Ourense)	

Con estes mesmos resultados desenvolvéronse *Espazos das familias* nos *Puntos de Atención á Infancia* dos concellos de Abadín, Pol, Meira, Sober na provincia de Lugo, Tállara-Lousame na de A Coruña e Vilariño de Conso en Ourense.

Xuntos para Crecer na Escola Infantil 3-6

Desenvolveuse quincenalmente un Espazo das Familias, como resposta á demanda da ANPA do CEIP Illa Verde de Lugo e participaron nel 10 familias, que valoran:

*“O tempo de goce conxunto
Poder acudir pai e nai
Poder estar co neno e/ou nena
Participar activamente no desenvolvemento das actividades
Aprender a compartir aprendizaxes, dúbidas e inquedanzas cos outros
Ver como se relaciona o neno con outros nenos e adultos
Coñecer que e como aprende o neno”*

Proxecto Home

Continuouse coa actuación iniciada noutros cursos, desenvolvendo Espazos das familias na Comunidade terapéutica do Proxecto Home de Cernadas (Val do Dubra) e na Comunidade urbana de Lugo, coa participación de pais ou nais que teñen fillos ata a adolescencia e que valoran especialmente contar cun tempo para falar da educación, e das dificultades engadidas que no seu caso implica desenvolver as súas responsabilidades parentais.

“Axudoume a ver as cousas doutra forma, ser máis paciente, máis próxima cos meus fillos, a non ter tanto medo, a recuperar o meu papel de nai”

Vagalume

Desenvolveuse un único Espazo no que participaron 4 familias desta Asociación que acolle mulleres inmigrantes que exercen á prostitución. A inmensa cantidade de problemas colaterais existentes fai que a prioridade destas mulleres non sexa a educación das fillas e fillos, o que non foi obstáculo para duplicar esforzos de cara a súa implicación.

Alume

No Centro de día que a “Asociación Lucense de Axuda ao Enfermo Mental” ten en Lugo, como resposta á demanda da mesma Asociación, desenvolveuse un Espazo no que participaron 4 nais con nenos desde a infancia ata a adolescencia.

Apoiouse a mulleres que non só teñen moitas dúbidas á hora de educar, aspecto que comparten coa maior parte de pais e nais, senón que ademais teñen maiores dificultades porque, en ocasións, o seu estado mental impídelles exercer o seu papel. Noutros casos, é a propia familia que non lles permite desenvolver a súa función parental. Todo isto xeralles sentimentos de incapacidade así como angustia e temor de non responder de forma axeitada ás necesidades dos fillos e, sobre todo, a perder a referencia de “nai” para os seus fillos, o que a súa vez repercute na súa autoestima.

Participar nos Espazos permitiu-lles compartir sentimientos e dificultades, así como pautas para afrontalos.

Penitenciaría de Teixeiro- A Coruña

Continuouse coa actividade desenvolvida desde o curso 2007-08, no Módulo 9, módulo de mulleres, algunhas das cales teñen fillos menores de 3 anos que están con elas. Participaron 16 familias, 6 das cales participaron coas súas parellas, tamén na prisión. En palabras da profesional que desenvolve este espazo, a valoración das familias ven dada,

“pola proximidade, pola comunicación, por ter un momento de poder compartir sentimientos, emocións, dúbidas, preocupacións, por aportaralles na súa vida -privada de liberdade- un anaco da vida do exterior, de conexión coa realidade na educación dos seus fillos, ... por ser un referente de continuidade e permanencia no tempo, xa que non vas un día de visita e tardas un mes en volver”.

Módulo Nelson Mandela (Penitenciaría de Teixeiro- A Coruña)

Como resposta á demanda da Consellería de Traballo e Benestar e do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, iniciouse un Espazo das familias neste Módulo de reinserción ou preparación para a vida en liberdade.

Participaron, en sesións semanais, 34 pais que avaliaron a súa participación como moi satisfactoria. Manifestaron que se sentiron respectados, escoitados, implicados, valorados e animados a superarse día a día.

Valoraron o espazo como un momento de paz, de reflexión, de comunicación, de aprendizaxe, de interacción entre todos, resaltando o bo ambiente creado e descubrindo que falar da educación dos fillos os levou a reflexionar sobre os seus propios comportamentos e actitudes diarias.

4.3 Datos globais

“A acción social, a atención dos casos máis desfavorecidos e tamén a especial atención ao mundo rural (ao que queda del) é un aspecto que segue definindo o traballo de PnC”.

Desenvolvéronse un total de **654** Espazos de Familias, como se pode ver na gráfica na que se indica ademais, o número de familias (en moitos casos coa presenza dos dous proxenitores e noutros representados polos avós ou avoas) e nenas e nenos participantes nos mesmos.



ESPAZOS DAS FAMILIAS			
TIPOLOXÍA DE ESPAZO	Nº ESPAZOS	FAMILIAS PARTICIPANTES	NENOS/NENAS PARTICIPANTES
BO COMEZO	11	233	0
PRIMEIROS DESCUBRIMENTOS	56	264	270
XUNTOS PARA CRECER	524	3439	3646
ESCOLAS INFANTÍS 0-3	39	330	330
PUNTOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA	6	20	21
PROXECTO HOME	3	10	0
PENITENCIARÍA DE TEIXEIRO	3	50	0
VAGALUME	1	2	0
ALUME	1	4	0
ESCOLA INFANTIL 3-6	1	10	14
COLECTIVO XITANO	7	41	0
COLECTIVO INMGRANTE	2	9	9
TOTAIS	654	4412	4290

4.4 Outras actividades do Servizo de Orientación

A Fundación Preescolar na Casa organizou e promoveu a realización de actividades moi diversas nas distintas localidades onde estivo presente, co obxectivo de:

- Promover o coñecemento e utilización dos servizos da comunidade por parte das familias.
- Fomentar a visibilidade da infancia nos primeiros anos e a organización de actividades dirixidas a familias con nenos e nenas nos primeiros anos.
- Incrementar a cohesión entre familias, promovendo a creación de redes sociais e de apoio permanentes.

A maior parte destas actividades foron un complemento das realizadas nos Espazos das familias, ánda que nalgunhas delas participaron outras familias do contorno.

Visitas familiares co obxecto de motivar á participación ou de reforzar a actuación con algunha familia concreta. Achegarse ao contorno máis próximo das familias e un dos valores que caracterizan a maneira de facer da Fundación.

Sesións con especialistas: masaxes, ioga, primeiros auxilios pediátricos, seguridade vial, igualdade, normas e límites que permiten afondar ...

Bibliotecas: visitas ás bibliotecas e bebetecas e desenvolvemento de actividades de contacontos que buscan a colaboración dos nenos e nenas estimulando a súa imaxinación e fomentando o interese pola lectura.



Piscinas e balnearios: actividades acuáticas para achegar as vantaxes do contacto coa auga, cursos de natación para bebés, experiencias ligadas ao mundo das emocións...



Concertos para bebés: A actividade pretende ofrecer aos nenas e nenos a posibilidade de achegarse á música clásica.



Visitas as Escolas 3-6: como un xeito de facilitar o período de adaptación, a convivencia na escola e a futura colaboración das familias. Actividade enriquecedora e positiva, moi valorada polas familias e polas propias institucións educativas.

Saídas ao contorno: Areas recreativas, muíños, parques, pazos, museos (etnográficos, ciencias naturais), acuarios, granxas-escola.



Encontros interxeracionais en colaboración con centros da terceira idade de Lugo onde a través das distintas actividades organizadas queda constancia da empatía dos maiores fronte aos más pequenos e de como no proceso de envellecemento do ser humano existe unha regresión á primeira infancia en canto a intereses, gustos, estados emocionais e incluso intelectuais.

Bebeterapia con enfermos de Alzheimer: en colaboración coa Asociación Alzheimer Moaña, realizouse unha terapia consistente en que a través da interactuación cos bebés de 6 a 12 meses, as persoas con esta doenza recordaban a súa nenez e xuventude, resultando unha actividade moi positivamente valorada por todos os participantes.

Xuntanzas familiares e Festas xogueteiras para facilitar o encontro de tódalas nais, pais, nenas e nenos que participan nos Espazos das Familias e para que as que non participan, teñan a posibilidade de coñecer o servizo desenvolvido pola Fundación.

5. O Servizo de Difusión

Pensado para contribuír e promover unha cultura da infancia, fomentando a resposta ás necesidades e dereitos dos nenos e das nenas, especialmente nos primeiros anos, e porque toda a sociedade educa, a Fundación Preescolar na Casa desenvolveu diversas actividades desde o Servizo de Difusión.

Ademais das actividades habituais, centradas especialmente nos espazos de difusión na televisión e na radio, este curso incrementouse a presenza da Fundación na prensa escrita e nos medios de comunicación locais e desenvolvéronse as *I Xornadas Educando na infancia e na adolescencia*, que terán continuación os próximos cursos.

A maior parte das actividades van dirixidas a poboación galega global, especialmente a través das realizadas nos medios de comunicación, aínda que algunas delas diríxense a sectores de poboación específicos, fundamentalmente cando se realizan como resposta á demanda concreta dalgunha organización.

Espazos educativos na Televisión

Televisión de Galicia

A Fundación emite tódolos sábados na Televisión de Galicia un espazo educativo propio dende o ano 1992. Espazo -que ao longo de trinta minutos- ofrece á sociedade en xeral, e ás familias en particular, elementos para a reflexión e a acción educativa contando coa presenza de persoeiros referentes da educación e da infancia.

Telelugo

A Fundación Preescolar na Casa participou no programa “*De tarde en tarde*”, de Telelugo, na sección “De pais e nais”, na que se abordaron temáticas referentes á infancia e á educación nos primeiros anos.

Espazos educativos na Radio

A Fundación Preescolar na Casa estivo presente nos fogares galegos a través da colaboración con diversas emisoras de Radio nas que se abordaron cuestións relacionadas co desenvolvemento dos nenos e nenas e a súa educación.

A Fundación contou cun espazo educativo en Radio Galega (48 programas), Radio Principal Vilalba Cadena Ser (28 programas), Radio Principal Monforte (28 programas) Radio Quiroga (28 programas)e EMUGA (Emisoras Municipais de Galicia) e con colaboracións quincenais en programas de Radio Melide e Radio Arzúa.

Blog e Facebook.

Ferramentas virtuais empregadas como instrumentos de comunicación interna e externa e de difusión de actividades, reflexións relacionadas coa infancia e a familia.

Publicacións

Revista *Educar e crecer*. Publicáronse 3 números, distribuídos de forma gratuita entre as familias participantes nos Espazos das Familias, entidades e persoas colaboradoras e profesionais ou persoas que a demandaron.



Dáme as mesmas oportunidades, nova ficha da carpeta formativa ***Aventura de crecer, desafío de educar***, centrada na promoción da Educación en igualdade.



Memoria curso 09-10, publicación que recolle a actividade desenvolvida pola Fundación nese período.



Participación en plataformas

Mesa de educación rural. Co obxecto de contribuír á análise, debate e formulación de propostas que incidan na mellora educativa do medio rural, Preescolar na Casa participou nas accións desta Mesa co resto de organizacións integrantes da mesma (sindicatos -CCOO, CIG, CSI-CSIF, STEG, UXT-, Movementos de Renovación Pedagóxica – Asociación Sociopedagóxica Galega, Nova Escola Galega- e Coordinadora de Centros Rurais Agrupados)

Universidade Rural Galega. Como integrante desta Plataforma, participouse nas distintas actividades desenvolvidas co fin de colaborar na recuperación, conservación e difusión dos saberes tradicionais do medio rural, favorecer o recoñecemento e dignificación do medio rural e da súa historia.

Participación en xornadas a demanda de diversas entidades

- Grupo de traballo ***Participación das familias*** nas Xornadas de formación inicial do persoal das Galiñas Azuis, organizado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, en Sada o 2 de outubro de 2010.
- Mesa redonda ***Que se fai para que a escola sexa inclusiva?***, dentro das XXI Xornadas Estatales del Fórum Europeo Administradores de la Educación, en A Coruña, o 8 de outubro de 2010.
- Mesa redonda: ***Servicios para la educación y atención a la primera infancia***, organizado polo Ministerio de Educación y Ciencia, en Madrid o 14 de outubro de 2010.
- Charla “***Xuntos é máis divertido. Xogo e tempo libre en familia***”, organizadas polo Concello de Chantada dentro das *Xornadas educativas da familia*, o 6 de novembro de 2010.
- Charla sobre ***televisión***, organizada pola ANPA do CEIP “As Mercedes” de Lugo, o 21 de novembro de 2010.
- Charla ***Espacios de socialización, escenarios de igualdad***, organizada por Proxecto Home en Lugo, o 23 de novembro de 2010.
- Charla sobre ***Atención temperá no Aprender para Educar*** que organizaron a Asociación Sociopedagóxica Galega e a Deputación de Lugo o 30 de novembro de 2010.

- Presentación da **actividade da Fundación** a varios grupos de alumnos/as de distintas Facultades de Educación Lugo-Ferrol, en distintas datas, nas sedes da Fundación e/ou das escolas.
- Presentación da actividade de Preescolar na Casa na Escuela de Formación de Cáritas **La exclusión educativa: Análisis, realidad y propuestas**, en El Escorial, o 21 de marzo de 2011.
- Presentación de Preescolar na Casa na **Jornada conmemorativa del Día Internacional de las Familias**, organizada polo Instituto Asturiano de Atención Social a la Infancia, Familia y Adolescencia, en Oviedo, o 2 de maio de 2011.
- Mesa redonda **La educación, dinamizadora del medio rural y agente de progreso**, en las II Jornadas Confederales de Educación en el Medio Rural, organizadas polo Sindicato de Trabajadores de la Enseñanza, en Aguilar de Campoo, Palencia, o 28 de maio de 2011.
- Mesa redonda sobre: **Muller, lingua, educación e rural**, organizado pola Escola de Maxisterio de Lugo, o 6 de xuño do 2011.
- Presentación de Preescolar na Casa na Conferencia **“Cambios demográficos en Europa- Solucións a través da educación, a aprendizaxe ao longo da vida e o mercado laboral”**, celebrada en Praga, o 28 xuño 2011, no marco do proxecto europeo DART, invitados pola Xunta de Galicia que participa no programa en colaboración con outros países europeos.


O Finanzamento

“A inversión en educación infantil é unha forma magnífica de inversión en capital humano”.

“Un euro investido en educación infantil resulta bastante más rendible que investido na educación universitaria”.

(Mariano Fernández Enguita,
Catedrático de Socioloxía. Universidade Complutense de Madrid)


Para o desenvolvemento dos diferentes Espazos Educativos a Fundación Preescolar na Casa conta coas seguintes achegas:



Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade	55%
Secretaría Xeral de Familia e Benestar	5%
Dirección Xeral de Fomento de Emprego	13%
Secretaría Xeral delgualdade	2%
Secretaría Xeral de Política Lingüística	7%
Concello de Lugo	1%
Deputación Provincial de Lugo	6%
Deputación Provincial de Ourense	0,3%
Fundación Santa María	1%
Televisión de Galicia	8%
Secretaría Xeral de Inmigración	1%

Estas achegas son distribuídas do seguinte xeito:

Servizo de Orientación	63%
Formación dos/as Profesionais	20%
Servizo de Difusión	13%
Material	3%
Outros	1%



*Apoiar os Espazos Educativos da Fundación Preescolar na Casa
é apoiar o exercicio dunha parentalidade positiva.*

Os Financiadores

A Fundación Preescolar na Casa recibiu para o desenvolvemento de todas estas accións o financiamento e a colaboración das administracións públicas, entidades financeiras e institucións privadas que detallamos a continuación:

Financiadores



Secretaría Xeral de Familia e Benestar
Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Universitaria
Dirección Xeral de Fomento de Emprego
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Secretaría Xeral da Igualdade
Secretaria Xeral de Inmigración



Colaboradores



Radio Municipal de Quiroga



Queremos agradecerles, unha vez máis, a confianza depositada na Fundación Preescolar na Casa.

Grazas por avalar os Espazos Educativos cos que se pretende apoiar ás familias na aventura de crecer e no desafío de educar.

Aventura de crecer, desafío de educar



Fundación
Preescolar na Casa
Espazos Educativos



Fundación Preescolar na Casa
Garaballa de Amba, 9 - 27009 · Lugo
Tlf. 982 218 001 · Fax: 982 202 781
correo@preescolarnacasa.org

www.preescolarnacasa.org